



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO 25 DE FEBREIRO DE 2016

Ás 9.30 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Julio Abalde Alonso, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa asistencia: Nona Inés Vilariño, Manuel Reyes García-Hurtado, Anxo Calvo Silvosa, Ana Iglesias Galdo, David Espiñeira Figueroa, Alberto Franco Figueira, Nuria Varela Feal e Teresa López Fernández.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor abre esta e dá paso ao primeiro punto da orde do día.

### 1. Informe do Reitor

O Reitor deu conta da reunión de traballo celebrada co presidente da Deputación Provincial, na que abordaron cuestións relativas á proxección do Campus de Ferrol – no marco do proxecto de Campus Industrial – e en materia de emprendemento, nomeadamente no sector das TIC.

A seguir, deu a palabra ao resto de integrantes do equipo de goberno.

O **vice-reitor de Política Científica, Investigación e Transferencia** informou da publicación o 22 de febreiro de 2016 da convocatoria de axudas de investigación da UDC nas súas diferentes modalidades de visitas e encontros de investigadores, organización de congresos e xornadas. intensificación da participación no programa H2020, estadías posdoutorais de investigación e patentes. Salientou a modificación da contía para congresos nacionais “con significativo impacto internacional” (subtipo B1). *comité organizador*”.

Informou tamén da presentación da convocatoria de infraestruturas do MINECO á que se presentaron un total de 22 propostas de equipamento, para os centros tecnolóxicos e o SAI, por un total de 6.703.000€ dos que financiarían con fondos FEDER un 80%. Acordouse que os grupos solicitantes se comprometen no cofinanciamento do 20%, agás o SAI onde se buscará o compromiso da Xunta. A resolución pode ser consultada no enderezo electrónico <https://sede.micinn.gob.es/portal/site/>.

Canto ás axudas do MINECO que forman parte do programa estatal de “excelencia/retos da sociedade”, informou que foran preseleccionadas 27 solicitudes da UDC (42% taxa de éxito), predenegadas 37 e 3 excluídas,



ficando pendentes de resolución 9 solicitudes formuladas no subprograma retos-proxectos de I+D+i novos investigadores – individual.

Indicou tamén que están pendentes de publicación as bolsas pré- e pos doutorais do goberno galego, que vai inxectar 16,1 millóns de euros en formación, fortalecemento e consolidación da carreira científica de 175 investigadores galegos até 2019 a través de dúas liñas que han formalizar contratos de 100 bolsas predoutorais por tres anos 75 posdoutorais con dúas fases sucesivas.

Informou, por último, que o 19 de febreiro a Axencia Galega de Innovación (AGAIN) presentou o programa IGNIA (Proba Concepto) celebrando, a seguir, unha xornada técnica o día 29 dese mesmo mes

Pola súa parte, o **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** informou, en primeiro lugar, da desestimación por parte da Consellaría de Facenda do requirimento formulado pola UDC contra resolución da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos denegatoria da ampliación da OPE de 2015, a fin de incluír nela dúas cátedras de promoción interna. Esta desestimación deixa expedita a vía do recurso contencioso-administrativo.

Informou tamén de que ante a solicitude de contratación de profesorado do Departamento de Ciencias da Saúde para cubrir a baixa por maternidade da profesora asociada T1 P6 dona Elena Viqueira Rodríguez, foi autorizada a contratación dun profesor ou profesora coa categoría de asociado T1 con dedicación a tempo parcial P3 dentro da área funcional de Terapia Ocupacional, empregando a este fin a listaxe de agarda da praza 15/6004. Este contrato terá vixencia até o 31/08/2016.

Finalmente, de conta do acordo da COAP de 19/02/2016, concedendo a venia docendi a 2 profesores da EU de Turismo, exercicio da competencia delegada polo Consello de Goberno.

A **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente** informou da reunión celebrada o 12 de febreiro na Secretaría Xeral de Universidades para tratar da situación dalgúns títulos de mestrado. Finalmente, dos 12 mestrados, cuxa impartición para o curso 2016-2017 se cuestionaba no primeiro documento remitido desde a SXU, non poderán incluírse na oferta de mestrados para o vindeiro curso os seguintes: os mestrados interuniversitarios de Ciencia e Tecnoloxía en Termalismo e o de Fotónica e Tecnoloxías do Láser, coordinados respectivamente pola UDC e a UVigo, o de Tecnoloxía da Edificación Sustentable e o mestrado interuniversitario, coordinado pola USC, en Computación de Altas



Prestacións. No caso destes dos últimos mestrados presentarán unha nova proposta de título este ano.

O **vice-reitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade** deu conta da última reunión da Comisións de Asuntos Económicos en que foron informadas imputacións por valor de 211.612,31€ (en concreto os informes V-001-15 de data 21.01.16 e importe 75.027,92€, informe V-002-15 de data 08.02.16 e importe 39.422,39€, informe V-003-16 de data 12.02.16 e importe 35.477,14€, informe V-004-16 de data 16.02.16 e importe 61.684,86€) e validado o expediente C-001-16 de data 22.02.16 e importe 1.113.526,52 €

Pola súa parte, a vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social procedeu a informar das actividades que se van realizar na UDC no mes de marzo co gallo da conmemoración do Día Internacional da Muller:

- Acto institucional o 9 de marzo no salón de actos do Campus de Ferrol en que intervirá a enxeñeira naval Pilar Tejo Mora-Granados.
- Inauguración no Centro Universitario de Riazor da Exposición da Unidade Muller e Ciencia da Xunta de Galicia: Premios M<sup>a</sup> Josefa Wonenburger. Esta exposición poderá visitarse até o 15 de marzo.

Finalmente, o xerente informou, en primeiro lugar, da convocatoria do Plan de Formación de apoio 2016 á promoción interna do PAS, conforme ao calendario establecido no Acordo suscrito o 20 de novembro de 2015 sobre RPT e promoción profesional. A seguir, deu conta da Instrución conxunta de 16 de febreiro da Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente e da Xerencia sobre custos das asistencias de membros estranxeiros de tribunais de teses de doutoramento.

A **Vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria** deu conta das convocatorias ofertadas pola súa vicerreitoría:

- Convocatoria de mobilidade SICUE. Sistema de intercambio entre centros universitarios españois curso 2016-2017
- Convocatoria de axudas da UDC para a organización de xornadas divulgativa e ciclos de conferencias, ano 2016.
- Convocatoria de axudas para a realización de cursos de verán da UDC 2016.

## **2. Aprobación da acta da sesión do 27/01/2016**

A acta foi aprobada por asentimento.



### 3. Contratos e Convenios

O Secretario Xeral informou da tramitación de 4 convenios específicos e 55 convenios de prácticas que figuran como **anexo III**

### 4. Renovación da Comisión de Publicacións

A vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, tras agradecer os servizos prestados polos membros anteriores, formulou unha proposta para a renovación da Comisión de Publicacións integrada por Alberto Ángel Fernández López (en lugar de Ángeles Cid Blanco), Luz María Puente Aba (por Rafael Colina Garea), Alicia Gloria Risso Migues (por Carlos Paulo Martínez Pereiro) e Xoán Luis López Viñas (por Araceli Serantes Pazos).

A proposta foi aprobada por asentimento.

### 5. Regulamento da Unidade de Divulgación Científica e Cultural (UDCC)

A vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria propuxo un regulamento para a Unidade de Divulgación Científica e Cultural (UDCC), encargada de difundir e comunicar á sociedade a ciencia e a innovación xeradas na Universidade, así como as liñas de traballo e resultados dos seus grupos de investigación e investigadores/as individuais.

O decano da Facultade de Ciencias, Moisés Canle López, após agradecer expresamente que a unidade vaia contar cunha dotación orzamentaria específica, propuxo incluír dentro dos obxectivos da unidade o de incrementar a alfabetización científica da sociedade ben como recoller máis claramente que a UDCC debe coordinar todo o esforzo de divulgación do coñecemento científico da UDC. Indicou tamén a necesidade de evitar a divulgación das pseudociencias no ámbito universitario e, por último, a conveniencia de substituír a referencia a “áreas de coñecemento” pola de “ramas de coñecemento”, proposta esta última á que se sumou a decana de filoloxía, **María Jesús Lorenzo Modia**.

**Sonia Souto Camba**, directora do Departamento de Fisioterapia, aludiu á necesidade de ter en conta o labor dos departamentos na divulgación científica, dada a súa proximidade cos grupos e os investigadores individuais, mellorando para iso a súa dotación orzamentaria.

A seguir o **reitor** tomou a palabra para contestar algunhas das intervencións anteriores. Mostrou o seu acordo coa incorporación da referencia expresa á alfabetización científica que xa inclúe, implicitamente,



a exclusión das pseudociencias do ámbito universitario. Realizou tamén unha reflexión xeral, chamando a atención sobre a necesidade de evitar a atomización de esforzos e que, precisamente, o regulamento persegue concentrar eses esforzos – e recursos – co fin de podermos contar cun espazo institucional específico para a divulgación científica na UDC. Desde o punto de vista, acrecentou, non se trata de reforzar as páxinas web dos departamentos senón de que as páxinas web institucionais permitan que os departamentos podan introducir os seus contidos de forma áxil. En definitiva, concluíu, a UDCC trata de centralizar esforzos e de optimizar recursos en materia de divulgación científica.

Replicou **Sonia Souto Camba** que, se tal é o obxectivo da UDCC, cómpre que as canles abertas aos departamentos sexan o máis fluídas posíbel. Nesa mesma liña **Inés Pernas Alonso**, directora do Departamento de Representación e Teoría Arquitectónica, propuxo que os directores de departamento poidan formular directamente á UDCC as súas propostas.

Finalizado o debate, acordouse por unanimidade incluír na proposta os seguintes cambios:

- Incluir como punto 13 do artigo 1 “Incrementar o nivel de alfabetización científica da sociedade”.
- No artigo 5 cambiar “representatividade das distintas áreas de coñecemento usuarias da Unidade e dos distintos Campus da UDC” por “representatividade das distintas ramas de coñecemento usuarias da Unidade e dos distintos Campus da UDC”.

Unha vez feitas estes cambios apróbase por asentimento segundo figura no **anexo IV**

## **6. Proposta de Racionalización das Comisións de Igualdade**

A vicerreitora presenta a proposta de modificación e racionalización das dúas comisións da Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX) actualmente existentes, comezando por sinalar a existencia de dous órganos con competencias similares: dunha banda, o Consello Asesor da Oficina para a Igualdade de Xénero, cuxa composición foi aprobada no Consello de Goberno do 26 de abril de 2012, e a Comisión para a Elaboración e Seguimento do Plan de Igualdade, aprobado polo Consello de Goberno en 26 de decembro de 2013. Debulla, a seguir, a proposta de creación dunha única “Comisión para a Igualdade de Xénero”, que xuntaría as competencias de asesoramento á OIX e de seguimento do Plano de Igualdade. Esta comisión estaría integrada polos membros seguintes:



- Director/a da OIX,
- Vicerreitor/a responsable na área de Responsabilidade Social
- 1 representante da Xerencia
- 2 representantes do estudantado ( Coruña e Ferrol)
- 1 representante da Xunta de Persoal do PDI
- 1 representante da Xunta de Persoal do PAS
- 1 representante do Comité de Empresa do PDI
- 1 representante do Comité de Empresa do PAS

Intervén a representante do estudantado, **Ana Barxa Cid** para propor que na representación do estudantado non se imponha obrigatoriamente que haxa un representante do campus de Ferrol e outro do da Coruña senón que se indique apenas que “se pulará” por que, de ser posíbel, a representación estudantil inclúa unha representación de ambos os dous campus.

Admitida a suxestión de Ana Barxa Cid, a proposta foi aprobada por unanimidade segundo figura anteriormente e no **anexo V**.

## **7. Renovación da Comisión de Reclamacións do PDI**

Tras agradecer os servizos prestados pol@s anteriores integrantes desta comisión, o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente presentou a proposta, xa aprobada pola COAP, de novos e novas membros da amentada comisión:

- Carlos Paulo Martínez Pereiro, polo ámbito de Arte e Humanidades, Catedrático da área de coñecemento de Filoloxía Galega e Portuguesa, Facultade de Humanidades.
- Fernando Agrasar Quiroga, polo ámbito de Enxeñaría e Arquitectura, Profesor Titular da área de coñecemento de Composición Arquitectónica, ETS de Arquitectura.
- Luisa María Segade Zas, polo ámbito de Ciencias, Profesora Titular de Universidade, da área de Física Aplicada, EU de Arquitectura Técnica
- Ramón Pedro Artiaga Díaz, polo ámbito de Enxeñaría e Arquitectura, Profesor Titular da área de Ciencia dos Materiais e Enxeñaría Metalúrxica, da EPS.
- Rafael Colina Garea, polo ámbito xurídico-social, Profesor Titular da área de Dereito Civil, Facultade de Dereito.
- Ramón Fernández Cervantes, polo ámbito de Ciencias da Saúde, Profesor Titular da área de Fisioterapia, Facultade de Fisioterapia.
- Carlos López Rodríguez, polo sector de estudantes, alumno da ETS de Camiños, Canais e Portos.

A proposta foi aprobada por unanimidade.

**8. Proposta de modificación da normativa pola que se regula a dedicación do PDI (aprobada polo Consello de Goberno de 28 de novembro de 2014 e modificada no de 27 de outubro de 2015)**

O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** presentou a proposta (recollida no repositorio documental da UDC) indicando que xa fora aprobada pola maioría da Mesa de Negociación (en xunta realizada o 18 de febreiro de 2016) e coa incorporación de modificacións, por unanimidade da COAP (en sesión do 19 de febreiro de 2016). Incidiu nas novidades que teñen a ver cos cambios na estrutura de dirección da UDC. Indicou que o punto máis discutido na COAP e na Mesa sindical foi a Disposición Final que outorga ao regulamento unha vixencia provisoria até o curso 2016-2017. Esta é a razón de que, a pedimento da COAP, se introduciuse un parágrafo interpretativo.

Interveu a seguir **Andrés Marcos García**, representante da Xunta de Persoal e do Comité de Empresa de PDI. Recóllese o texto literal da súa intervención, facilitado por el mesmo:

*“Esta normativa pola que se regula a dedicación do P.D.I. empeza recoñecendo que: “Durante os últimos anos, tentouse regular diversos aspectos relacionados coa actividade do profesorado universitario con varias iniciativas lexislativas. Probablemente a máis ambiciosa foi o último borrador do Estatuto do Persoal Docente e Investigador das Universidades Públicas Españolas”.*

*Deixando claro a non regulación a nivel estatal, acata como punto de partida a clasificación dos docentes feita no decreto Wert “(Real Decreto Ley 14/2012, de 20 de abril, de medidas urgentes de racionalización del gasto público en el ámbito educativo)” e a carga correspondente traducindo os créditos ECTS en horas presenciais na aula multiplicando por 10 o número de créditos.*

*En contra de este decreto e a súa aplicación xa nos manifestamos todos os representantes do PDI, así como a maioría do PDI.*

*No plan galego de financiamento Universitario 2016-2020 establécese para o cálculo do número de efectivos do PDI que cada efectivo imparte 180 horas de docencia (páxina 108).*



*A nosa postura por tanto é que esta normativa teña fecha de caducidade e este sexa o último ano en vigor.*

*En canto a proposta de modificación que se trae hoxe ao Consello de Goberno, agás a UGT que mantivo o seu voto en contra na mesa sindical, todos os demais representantes consideramos que as modificacións son de aspectos técnicos aos que non nos opoñemos”.*

O decano de Ciencias, **Moisés Canle López**, preguntou se existe algunha previsión para evitar eventuais baleiros legais, dado que a normativa proposta só vai rexer no actual curso académico. O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** contestou que aínda existe unha certa marxe, á vista do calendario previsto para a elaboración da POD para o curso 2016-2017. Nese mesmo sentido, o **reitor** indicou que antes de elaborar a PDA para o seguinte curso ten que haber unha normativa en vigor (esta ou outra) acorde coa lexislación que nese momento este en vigor. Esclareceu tamén, ante a referencia realizada por **Andrés Marcos García** ás 180 horas de dedicación á docencia incluídas no vixente Plano de Financiamento, que esta é unha indicación a efectos estritamente financeiros e non supón, xa que logo, modificación ningunha da normativa vixente de dedicación do profesorado universitario.

A proposta foi aprobada por unanimidade segundo figura no **anexo VI**.

### **9. Proposta de procedemento para a elaboración do POD para o curso 2016-2017**

Na presentación da proposta (disponíbel no repositorio documental da UDC), o **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** indicou que as modificacións introducidas a respecto de cursos anteriores tratan de facilitar e axilizar o procedemento, anticipando certos elementos que teñen que figurar no POD de cada PDI concreto.

Polo que atinxe á política de contratación, manifestou a súa intención de acometer unha nova regulación dos profesores eméritos (diferenciando o nomeamento da contratación, que podería estar vinculada aos ingresos en cada caso reportados para a UDC).

Canto aos investigadores predoutorais, debido á limitación da dedicación á docencia na última convocatoria de bolsas FPU, esta restrición xeneralízase a todas as demais figuras predoutorais de modo que estes investigadores





non poderán dirixir TFG ou TFM, faceren parte de comisión xulgadoras ou impartiren docencia de mestrado.

No referido á dedicación, actualízase o número de horas a fin de facilitar a acreditación do profesorado que imparte docencia en inglés (incrementábase en 100 horas a atención a este programa) e outras 100 horas para tarefas de colaboración en tratamento e xestión de datos (tarefas moi relevantes para mellorar a posición da UDC nos diferentes *rankings*).

**Inés Pernas Alonso**, directora do Departamento de Representación e Teoría Arquitectónica, pregunta que vai pasar cos profesores eméritos cuxos contratos finalicen este ano. O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** contesta que é a súa intención manter os actuais eméritos co novo regulamento mais, en calquera caso, a renovación dos seus contratos rexerase pola normativa vixente no momento da súa contratación.

O regulamento foi aprobado por unanimidade segundo figura no **anexo VII**

#### **10.Proposta de adscrición a áreas de coñecemento en materias de formación básica.**

Presentada polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, a proposta (informada pola mesa sindical, aprobada pola COAP e recollida no repositorio documental da UDC) a proposta foi aprobada por unanimidade segundo figura no **anexo VIII**.

#### **11.Proposta de modificación de dedicación de PDIs para o curso académico 2016-2017**

Formulada polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, foi aprobado o cambio de dedicación solicitado para o profesor Rubén Lado Sestayo e a profesora Noemia Zeltia López Martínez de acordo coa documentación que figura como **anexo IX**.

#### **12.Proposta de autorización de licenzas**

A proposta do **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, foron autorizadas as 12 licenzas solicitadas e que figuran como **anexo X**.



### 13. Quenda aberta de intervencións

Intervén en primeiro lugar o reitor para dar a benvida ao Consello de Goberno a Andrés Marcos García, nomeado polo reitor en representación do PDI laboral e funcionario.

A seguir, **Inés Pernas Alonso**, directora do departamento de Representación e Teoría Arquitectónica manifesta que o vial que discorre por baixo da EU de Arquitectura Técnica está cheo de fochancas e seriamente deteriorado. Indica que non hai alumeado no vial que vai da Facultade de Economía e Empresa e a ETS de Arquitectura. **O reitor** responde que antes de demandar a reparación destes viais é preciso esclarecer a que institución corresponde a competencia sobre eles.

**Ana Barxa Cid**, representante do sector de estudantes, indica que tamén hai fochancas entre a ETS de Arquitectura e o servizo de reprografía. Lembra a necesidade de respectar a normativa de normalización lingüística e denuncia o mal estado das instalacións deportivas do campus de Elviña.

**Sonia Souto Camba**, directora do Departamento de Fisioterapia, pregunta cando se van transferir aos departamentos os fondos de investigación retidos o ano pasado e máis tamén por como vai o proceso de alegacións ante a avaliación realizada pola ANEP.

Contesta o **reitor** indicando que, con relación ás instalacións deportivas de Elviña, hai aberta unha liña de colaboración coa Deputación Provincial.

O **xerente** informa de que parte das incorporacións dos fondos de investigación retidos xa foi autorizada e que a parte restante será incorporada en breve.

O **vice-reitor de Política Científica, Investigación e Transferencia** sinala que agarda ter nun mes a resposta da ANEP. Canto ás incorporacións, na liña do manifestado polo Xerente, indica que se está a traballar para axilizarlas ao máximo. Informa que o persoal do servizo de investigación encóntrase sobrepasado polas esixencias documentais do MINECO. Que a CRUE xa formulou unha protesta a respecto destas solicitudes abusivas de documentación xustificativa de axudas concedidas. Abundando neste problema, o **reitor** acrecenta que convén que as/os investigadoras/es saiban que o MINECO está a pedir o 80% das facturas do 100% dos proxectos. Que a carga de traballo recae sobre os servizos centrais da UDC. E salienta



que están a pedir a xustificación de facturas de 2011 aplicando a normativa vixente daquela, mais a vixente en 2015, aspecto no que incide tamén a decana de Filoloxía, **María Jesús Loenzo Modia**. Finalmente, **Ignasi Colominas Ezponda**, director da ETS de Camiños, Canais e Portos preguntou se este rigor documental se lle aplicaba só as Universidade ou se tamén se estende ás empresas.

Non habendo máis asuntos que tratar, a sesión levantouse ás 13:45 horas, do que eu, como secretario, dou fe, co visto e prace do presidente.

Visto e prace

O secretario xeral

O presidente

Carlos Aymerich Cano

Julio Abalde Alonso